



PROGRAMA ACTIVA

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Contidos

5.- Duración

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Os problemas relacionados co uso de drogas -legais e ilegais- por parte dos sectores máis novos da nosa sociedade constitúen un dos problemas de saúde pública con maior impacto nos países desenvolvidos. Pero a pesar da relativa melloría que se vén observando nos hábitos de consumo de drogas e as actitudes fronte a elas entre a poboación galega, seguen rexistrándose elevados niveis de uso de determinadas substancias entre a mocidade, ademais dalgúns patróns de consumo problemáticos e unha baixa percepción dos riscos asociados ao consumo de certas drogas.

Os datos que se extraen do EDIS, 2007, referidos ao grupo de idade de 19 a 24 anos, confirman que, a pesar dos progresos conseguidos nos últimos anos, é necesario seguir reforzando as actuacións preventivas destinadas aos colectivos xuvenís

2.- OBXECTIVOS.

A finalidade última deste programa é promover a adopción de estilos saudables de vida e de ocupación do tempo de lecer entre os/as adolescentes e mozos/as galegos/as, así como reducir a incidencia de diversos problemas sociosanitarios relacionados co uso e/ou abuso de drogas por parte destes grupos de poboación.

Entre os obxectivos xerais do programa inclúense os seguintes:

- Reducir a intención de consumo de drogas no futuro.
- Incrementar a percepción do risco asociado ao consumo de drogas, en especial no caso do tabaco, o alcohol e o cannabis.
- Reducir a tolerancia/permisividade da xente nova respecto ao consumo de drogas no seu medio social próximo.
- Incrementar o rexeitamento dos novos fronte ao consumo de drogas.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA.

•**Poboación final:** mozos e mozas de idades comprendidas entre os 12 e os 29 anos.

• **Poboación mediadora:** para chegar á poboación final, o programa “Activa” desenvólvese a través da participación indispensable de axentes mediadores. Estes mediadores xuvenís serán mozos maiores de idade que deberán asumir o liderado da maior parte das actividades, especialmente daquelas que requiran un alto grao de compromiso e responsabilidade.

4.- CONTIDOS

Formación dos mediadores seleccionados no campo da prevención das drogodependencias entre adolescentes e mozos e mozas.

Os temas que se abordarán nestas sesións de formación serán:

- ✓ Conceptos básicos en prevención de drogodependencias e bases da prevención dirixida á mocidade.
- ✓ Efectos do consumo de drogas e a súas consecuencias sobre a saúde e o benestar da persoa.
- ✓ Mitos e crenzas.

- ✓ Análise dos factores de risco e protección asociados ao consumo de drogas entre os novos e as novas.

- ✓ Patróns dominantes de ocupación do tempo de lecer entre os/as novos/as e alternativas de ocio

5.- TEMPORIZACIÓN

O programa desenvolverase en diferentes sesións e terá unha duración total de 12 horas.